Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Nubeiros en Vilarente

Pasou en Vilarente, no concello de Abadín (Lugo). Había un cura que esconxuraba e dicían que cando había tronada que se vían os nubeiros.

Un día que se armou unha treboada meu avó estaba na rectoral. O cura púxose a ler nun libro e, mentres lía, suaba; veña ler e veña suar.

Ata que dunha vez o cura chamou a meu avó e díxolle:

-¿Tu queres ver o que pasa aí fóra, os nubeiros eses que van aí?

-Eu quero.

-¡Pois tócame no ombro esquerdo¡ -Non sei se era coa man dereita, non recordo-. ¡ Tócame aquí e verás!

E nada máis tocarlle, dixo meu avó, viu non sei cantos homes con lanzas e cousas ameazando ó crego. E un daqueles homes veu cara ó cura cun coitelo na man, de fronte. E, entón, o cura preguntoulle:

-¿Que queres?

-¡Quero unha espiga de trigo! -respondeulle o nubeiro-.

-¡Non! ¡Non, unha espiga de trigo non cha dou, que me levas a colleita toda!-díxolle o cura.

E o cura, sen máis conversa, arreboloulle a sola dun zapato. O nubeiro marchou e descargou nunha carreira que hai moi fonda a carón da igrexa parroquial. Descargou alí toda a malicia.

E cando se foi derretendo aquela area que deixara o nubeiro víanse unhas pedriñas coma bólas moi lisiñas, moi

bonitas.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Arquivo Chaira: Información de LIDIA IGLESIAS, O Carballo, Abeledo, Abadín (Lugo). 15 de novembro de 1992.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004.

CUBA, X. R., REIGOSA, A., «Xeografía mítica da provincia de lugo (I): Cen lugares con lenda», en Croa, nº 8, 1998, pp. 42-63.